



MOCIÓN PARA INSTAR AO CONCELLO A QUE ABRA O PROCESO DE SUBVENCÍONS POR CARÁCTER COMPETITIVO E NOMINATIVAS DO CONCELLO MEDIANTE MODIFICADO DE CRÉDITO

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Narón ten un Plan Estratéxico de Subvencións (PES) 2024-2026 aprobado en pleno municipal. Este plan é un documento de planificación que establece as liñas xerais das subvencións. Temos claro desde o BNG que por unha banda as nominativas aseguran a estabilidade e o apoio directo a proxectos esenciais ou estratéxicos; mentres que as de concorrencia competitiva promoven a transparencia, a igualdade de oportunidades e a calidade dos proxectos no conxunto do tecido social do municipio. Polo tanto, o atraso duns orzamentos ou un modificado de crédito pode afectar moito a labor das entidades sociais, culturais, deportivas, veciñais e educativas e ás persoas que tamén dependen desas axudas.

Hoxe levamos setes meses do 2025 cun orzamento prorrogado, pero as actividades das entidades non paran. Por isto (e por responsabilidade) o concello de Narón ten que solicitar informe de intervención e activar pola vía urxente crédito para non prexudicar a terceiros. É dicir, no prazo de como máximo un mes ter aprobado unha cantidade suficiente para cubrir as subvencións por concorrencia competitiva e as nominativas. Ademais, aínda que un orzamento prorrogado pode dificultar a execución puntual das convocatorias, a existencia do PES acordado co BNG hai un ano mostra unha vontade política de continuar con certas liñas de axuda.

É moi importante que o tecido asociativo non se vexa prexudicado por un concello inoperante. O BNG , como oposición construtiva pero firme, sabemos que a administración máis próxima ten que favorecer que as entidades da localidade poidan acceder a axudas que fortalecen ao concello cun traballo necesario e positivo sobre o conxunto da cidadanía.

Non é menor, que a combinación de subvencións nominativas e por concorrencia competitiva permite aos concellos dispoñer dunha ferramenta flexíbel e equilibrada para xestionar o apoio financeiro de maneira transparente.

Por todo isto acordamos:

1.- Instar ao concello de Narón a aprobar en Xullo o procedemento que dea vía libre a asinar convenios con entidades e o proceso demorado de subvencións por concorrencia competitiva do exercicio 2025.

2.- Instar á alcaldía que habilite un modificado de crédito que teña en conta o Plan Estratégico de Subvencións do Concello de Narón e unha partida suficiente para as subvencións a entidades sociais, deportivas, educativas, veciñais e culturais.

Asdo. Olaia Ledo Díaz